

**ACTA N 2019/34**  
**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA**  
**14 DE AGOSTO DE 2019.-**

**ÍNDICE DE PUNTOS**

<b>PUNTO PRIMEIRO.- ACTAS ANTERIORES.-.....</b>	<b>2</b>
<b>PUNTO SEGUNDO.- PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA.....</b>	<b>2</b>
<b>PUNTO TERCEIRO.- APROBACIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA PROMOCIÓN DO COMERCIO NO CONCELLO DE AMES. EXERCICIOS 2017 E 2018.....</b>	<b>4</b>
<b>PUNTO CUARTO.- APROBACIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES LEVADAS A CABO POR CLUBS E ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS DO CONCELLO DE AMES NO EXERCICIO 2018. 1ª REMESA.....</b>	<b>5</b>

## **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 14 DE AGOSTO DE 2019.-**

Na Casa Consistorial de Ames, sendo as trece horas (13:00 h.) do día catorce (14) de agosto de dous mil dezanove (2019), réunese a Xunta de Goberno Local deste Concello en sesión ordinaria de primeira convocatoria, baixo a Presidencia do segundo tenente alcalde (alcalde por delegación, Decreto 2149/2019), José Blas García Piñeiro e coa asistencia dos/as tenentes de alcalde Ana Belén Paz García, Luísa Feijóo Montero e Natividad de Jesús González Rodríguez.

Non asisten pero xustifican a súa ausencia o alcalde José M. Miñones Conde e os/as concelleiros/as, David Santomil Mosquera e Genma Otero Uhía.

Actúa de **secretaria** a accidental da Corporación, Concepción Vilas Cantelar.

### **PUNTO PRIMEIRO.- ACTAS ANTERIORES.-**

O señor presidente pregunta aos asistentes se teñen algunha alegación que formular á acta da **sesión anterior, a ordinaria do 8 de agosto de 2019**, que foi distribuída con anterioridade, en cumprimento do establecido no artigo 91.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2568/1986 de 28 de novembro (ROF).

Non formulándose alegacións polos asistentes, a Presidencia declara aprobada a acta, por unanimidade dos membros presentes da Xunta de Goberno Local.

### **PUNTO SEGUNDO.- PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA.**

**Expediente: 2019/U003/000001**

O 20 de novembro de 2014 a Xunta de Goberno Local concedeu licenza de obras a [REDACTED]

Con data 22 de decembro de 2017 a Alcaldía do Concello ditou o Decreto 2976/2017 polo que se resolve iniciar o expediente de declaración de caducidade da licenza de obras referida no parágrafo anterior, por haber transcorrido en exceso o prazo sinalado para a iniciación das obras (6 meses para o seu comezo e 3 anos para o seu remate), concedendo trámite de audiencia ás partes interesadas por prazo de 15 días hábiles contados a partir da notificación da resolución, co fin de que puideran presentar as alegacións e xustificacións que estimaran pertinentes.

O 18 de xaneiro de 2018 [REDACTED] presentaron escrito de alegacións, que foi informado o 29 de xaneiro de 2018 polo arquitecto técnico municipal, propoñendo a desestimación das alegacións.

En data de 5 de novembro de 2018 dítase Decreto da Alcaldía 2431/2018 no que se resolve arquivar por caducidade o expediente nº 2017/G003/001436 e iniciar novo expediente de declaración de caducidade da licenza de obra referida por haber transcorrido en exceso o prazo sinalado para a iniciación das obras.

En data de 27 de novembro de 2018, don [REDACTED], en calidade de copropietario da edificación, presenta escrito ante este Concello (r.e. 201800000008367) no que reproduce as alegacións presentadas en data de 18 de xaneiro de 2018, e solicitando prórroga de seis meses para o reinicio das obras. Esta solicitude supón a manifestación da vontade de dar continuidade ás obras e a día de hoxe a licenza concedida mediante acordo da Xunta de Goberno Local de

20 de novembro de 2014 resulta conforme coa ordenación urbanística vixente. Non obstante, a concesión da prórroga deberá quedar condicionada ao disposto no informe da arquitecta municipal de data de 29 de xullo de 2019.

En aplicación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de licenzas urbanísticas efectuouse un ingreso por importe de 64,57 euros.

Figuran no expediente informes favorables á prórroga solicitada, da arquitecta municipal e da asesora xurídica de Urbanismo. Figura tamén conformidade da Tesourería Municipal ás consideracións tributarias.

Á vista dos informes favorables, técnico e xurídico, obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 1776/2019), adopta os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Conceder [redacted] prórroga da licenza de obras 30/2013 con número de expediente 2013/U008/000030, concedida mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de novembro de 2014, [redacted], segundo o proxecto básico e de execución visado o 29 de agosto de 2013.

**Segundo.-** Advertir que a eficacia da prórroga concedida quedará supeditada ao cumprimento dos propios termos da licenza 30/2013, a excepción de aquilo que contraveña o disposto no informe técnico de 30 de xullo de 2019, especialmente ao establecido respecto aos prazos e requisitos para a súa execución, de conformidade co establecido no artigo 359.5 "in fine" do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. En concreto se establece:

- 1 MES para o comezo das obras.
- Un total de 18 MESES para a execución; que se dividen en:
  - 6 MESES para os traballos que garantan a estanquidade da construción sen interrupcións. Destes 6 meses en que **non se autoriza interromper as obras** a orde será:
    - No primeiro mes recuperar as condicións de salubridade e seguridade do inmovible. (Traballos de limpeza, illamentos laterais e reforzo estrutural procedente).
    - Nos 5 meses seguintes acadar a edificación rematada exteriormente.
  - 12 MESES para o remate das obras contidas no proxecto incluídas conexións aos servizos.

Igualmente, deberán cumprirse as seguintes condicións:

- Os condutores de camións e os responsables das obras deberán coidar de que as rodas dos mesmos estean limpas de barro antes de acceder a vía pública, así como que a citada vía quede limpa.
- Lémbrese así mesmo o deber legal de instar no Catastro Inmobiliario o procedemento de incorporación que corresponda pola modificación do inmovible derivada da actuación para a que se concede a presente prórroga de licenza de obra 2013/U008/000030.

**Terceiro.-** Apercibir aos titulares da prórroga que o incumprimento destes requisitos polos solicitantes poderá dar lugar á apreciación por esta administración de reiteración ou reincidencia no incumprimento, o que terá efectos no suposto de nova apertura de expediente de caducidade de licenza.

**Cuarto.-** Ordenar a resolución e arquivo do expediente de caducidade de licenza 30/2013, con

número 2018/G003/002559.

**Quinto.-** Notifíquese aos interesados no procedemento, con indicación do réxime de recursos que proceda ao tratarse dun acto que pon fin á vía administrativa.

**Sexto.-** Facultar ao señor alcalde do Concello de Ames, para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

**PUNTO TERCEIRO.- APROBACIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA PROMOCIÓN DO COMERCIO NO CONCELLO DE AMES. EJERCICIOS 2017 E 2018.**

**Expediente 2019/A002/000004**

En sesión de Xunta de Goberno Local de 22 de marzo de 2019 foron aprobadas as bases da convocatoria de subvencións para promoción do comercio no Concello de Ames, exercicios 2017 e 2018; as bases foron obxecto de publicación no BOP nº 61, de 29 de marzo de 2019, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

En sesión de Xunta de Goberno Local de 11 de xullo de 2019 foi aprobado o reparto das subvencións ás entidades solicitantes que cumpriron os requisitos da convocatoria.

Vistas as xustificacións presentadas e o informe do departamento de Promoción Económica de data 9 de agosto de 2019, acreditativo de que a información que consta no seu poder se deriva de que os beneficiarios achegaron a totalidade da documentación xustificativa esixida.

Vista a fiscalización de conformidade da Intervención Municipal, informe 326/2019.

A Xunta de Goberno Local, previa delegación do alcalde (decreto 1776/2019), por unanimidade dos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Prestar aprobación ás contas xustificativas presentadas polas seguintes entidades, o que acredita o seu dereito a percibir o importe das achegas que se indican a continuación, con cargo á convocatoria de subvencións para promoción do comercio no Concello de Ames, exercicios 2017 e 2018:

	Asociación de Comerciantes de Bertamiráns	Asociación de Empresarios do Parque Empresarial do Milladoiro	Asociación de comerciantes Palmira Bulebar
CIF	G15895527	G15919210	G70284013
Importe concedido Promoción da actividade comercial	5.344,46 €	23.980,70 €	3.811,90 €
Importe concedido Infraestruturas	447,23 €	1.641,02 €	911,75 €
Total concedido	<b>5.791,69 €</b>	<b>25.621,72 €</b>	<b>4.723,65 €</b>
Coeficiente de financiamento	80,00%	80,00%	80,00%
Total a xustificar promoción comercial	6.681,00 €	29.976,00 €	4.785,00 €
Total xustificado promoción comercial	6.681,00 €	29.976,00 €	4.834,75 €
Total a pagar promoción comercial	5.344,46 €	23.980,70 €	3.811,90 €
Total a xustificar Infraestruturas	1.597,00 €	5.861,00 €	3.256,00 €
Total xustificado Infraestruturas	1.597,00 €	5.861,00 €	3.256,00 €
Total a pagar Infraestruturas	447,23 €	1.641,02 €	911,75 €

**Segundo.-** Recoñecer as obrigas que derivan do acordo con cargo á aplicación 4314.47904 do orzamento municipal en vigor.

**Terceiro.-** Ordenar o pagamento dos importes indicados.

**Cuarto.-** Notificar este acordo aos interesados e dar traslado aos departamentos municipais afectados.

**PUNTO CUARTO.- APROBACIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES LEVADAS A CABO POR CLUBS E ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS DO CONCELLO DE AMES NO EXERCICIO 2018. 1ª REMESA.**

En sesión de Xunta de Goberno Local de 8 de novembro de 2018 foron aprobadas as bases da convocatoria de subvencións destinadas á promoción de actividades levadas a cabo por clubs e asociacións deportivas do Concello de Ames, exercicio 2018; as bases foron obxecto de publicación no BOP nº 216, de 13 de decembro de 2018, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

En sesión de Xunta de Goberno Local de 22 de marzo de 2019 foi aprobado o reparto das subvencións ás entidades solicitantes que cumpriron os requisitos da convocatoria.

Rematado o prazo de presentación da documentación xustificativa esixida polas bases reguladoras da convocatoria, o órgano xestor emitiu informe ao respecto, no que fai constar o seguinte:

1. Que as entidades indicadas a continuación cumpriron co seu deber de presentar no rexistro municipal a conta xustificativa dentro do prazo sinalado na Base 7ª da convocatoria; a documentación presentada por todas elas responde integralmente ao requirido na Base 7ª da convocatoria; en consecuencia, da documentación obrante no expediente pode concluírse a efectiva e correcta realización das actividades financiadas por parte dos seguintes beneficiarios, resultando procedente a aprobación das correspondentes constas xustificativas:

CLUB	CIF	IMPORTE CONCEDIDO	IMPORTE A XUSTIFICAR	IMPORTE XUSTIFICADO	IMPORTE A INGRESAR	OBXECTO DA SUBVECIÓN
BIDUIDO SR	G15320864	1.764,71 €	5.140,00 €	5.771,43 €	1.764,71 €	Participación Liga 3ª Autonómica, Copa do Sar e Trofeo do Concello
VETERANOS AMES	G70226303	882,35 €	1.890,00 €	1.890,00 €	882,35 €	Participación Liga de Veteranos de Santiago (Primeira división)
CD KARATE AMES	G15671407	882,35 €	2.120,32 €	2.120,32 €	882,35 €	Promoción do deporte do karate como arte marcial tradicional non competitiva no entorno municipal
CB AMES	G70069745	1.323,53 €	3.735,58 €	3.735,57 €	1.323,53 €	Participación na Liga 3ª sénior zonal de baloncesto e Copa Galicia de Baloncesto
AD VAL DA MAHÍA	G70028774	1.941,18 €	4.089,72 €	4.226,73 €	1.941,18 €	Promoción do tenis no Concello de Ames. Participación Campionato Galego Absoluto por equipos
MOTOCLUB AMEIXENDA	G15719883	1.676,47 €	4.800,00 €	4.854,47 €	1.676,47 €	Participación e organización de competicións: Campionato Galego Dagan Cup.
CV BRUXAS	G15940976	5.823,53 €	10.161,29 €	10.247,12 €	5.823,53 €	Participación en competición federada dos 6 equipos da entidade (autonómica e nacional)
SOCIEDAD DE CAZA E PESCA AZOR	G15062920	2.647,06 €	8.500,00 €	8.891,36 €	2.647,06 €	Vixilancia dos ríos do Concello de Ames. Repoboación de especies.
CLUB ATLETISMO SAR	G15586548	4.235,29 €	11.700,00 €	12.898,30 €	4.235,29 €	Participación en competicións: populares, autonómicas e nacionais.
FÚTBOL CLUB MEIGAS	G15928963	3.882,35 €	17.600,00 €	17.707,04 €	3.882,35 €	Promoción do Fútbol sala feminino en Ames e na súa contorna. Conta con varios equipos: sénior, cadete...
CLUB PATINAXE ARTÍSICA OMEGA	G70376645	6.352,94 €	41.100,00 €	43.998,06 €	6.352,94 €	Promoción do patinaxe no Concello de Ames. Asistencia a competicións que organiza a Federación.
A.D. BASQUET AMES	G70389598	5.117,65 €	34.670,39 €	39.830,91 €	5.117,65 €	Promoción do baloncesto no Concello. Participación con categorías de base nas distintas ligas comarcais
CLUB ATLETISMO MILLARRAIO	G70193313	7.676,47 €	12.217,18 €	14.500,42 €	7.676,47 €	Promoción do atletismo no Concello de Ames. Participación en competicións a nivel autonómico e nacional
CLUB PIRAGÜISMO RIBEIRAS DO TAMBRE	G15120298	7.676,47 €	12.500,00 €	12.504,68 €	7.676,47 €	Promocionar o piragüismo no Concello. Participación en competicións a nivel nacional e internacional.
		51.882,35 €	170.224,48 €	183.176,41 €	51.882,35 €	

2. Que as entidades indicadas a continuación cumpriron co seu deber de presentar no Rexistro Municipal a conta xustificativa dentro do prazo sinalado na Base 7ª da convocatoria, se ben o gasto acreditado ascende a un importe menor ao requirido para acceder ao cobro da achega inicialmente concedida, axustándose a documentación presentada, a salvo deste aspecto, ao requirido na Base 7ª da convocatoria; en consecuencia, da documentación obrante no expediente pode concluírse a efectiva e correcta realización das actividades financiadas por parte dos seguintes beneficiarios, resultando procedente a aprobación das correspondentes contas xustificativas, debendo experimentar a achega concedida a redución proporcional que en cada caso se sinala (Base 7.3):

CLUB	CIF	IMPORTE CONCEDIDO	IMPORTE A XUSTIFICAR	IMPORTE XUSTIFICADO	IMPORTE A INGRESAR	OBXECTO DA SUBVENCIÓN
CLUB DEPORTIVO RUTAS A PIE	G70490487	2.382,35 €	41.845,05 €	40.792,45 €	2.322,43 €	Organización de rutas a pe, tanto dun día coma de fin de semana
ASOCIACIÓN GALEGA DE CICLISTAS	G15689342	882,35 €	3.230,00 €	3.030,29 €	827,80 €	Organización Carreira ciclista do Pavo
		3.264,71 €	45.075,05 €	43.822,74 €	3.150,22 €	

Vistas as xustificacións presentadas e o informe do departamento de Deportes de data 9 de agosto de 2019.

Vista a fiscalización de conformidade da Intervención Municipal, informe 357/2019.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 1776/2019), adopta os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Aprobar as contas xustificativas das subvencións concedidas ao abeiro da convocatoria de axudas para a promoción de actividades levadas a cabo por clubs e entidades deportivas no ano 2018, de acordo co seguinte:

CLUB	CIF	IMPORTE CONCEDIDO	IMPORTE A XUSTIFICAR	IMPORTE XUSTIFICADO	IMPORTE A INGRESAR	OBXECTO DA SUBVENCIÓN
BIDUIDO SR	G15320864	1.764,71 €	5.140,00 €	5.771,43 €	1.764,71 €	Participación Liga 3ª Autonómica, Copa do Sar e Trofeo do Concello
VETERANOS AMES	G70226303	882,35 €	1.890,00 €	1.890,00 €	882,35 €	Participación Liga de Veteranos de Santiago (Primeira división)
CD KARATE AMES	G15671407	882,35 €	2.120,32 €	2.120,32 €	882,35 €	Promoción do deporte do karate como arte marcial tradicional non competitiva no entorno municipal
CB AMES	G70069745	1.323,53 €	3.735,58 €	3.735,57 €	1.323,53 €	Participación na Liga 3ª sénior zonal de baloncesto e Copa Galicia de Baloncesto
AD VAL DA MAHÍA	G70028774	1.941,18 €	4.089,72 €	4.226,73 €	1.941,18 €	Promoción do tenis no Concello de Ames. Participación Campionato Galego Absoluto por equipos
MOTOCUB AMEIXENDA	G15719883	1.676,47 €	4.800,00 €	4.854,47 €	1.676,47 €	Participación e organización de competicións: Campionato Galego Dagan Cup.
CV BRUXAS	G15940976	5.823,53 €	10.161,29 €	10.247,12 €	5.823,53 €	Participación en competición federada dos 6 equipos da entidade (autonómica e nacional)
SOCIEDAD DE CAZA E PESCA AZOR	G15062920	2.647,06 €	8.500,00 €	8.891,36 €	2.647,06 €	Vixilancia dos ríos do Concello de Ames. Repoboación de especies.
CLUB ATLETISMO SAR	G15586548	4.235,29 €	11.700,00 €	12.898,30 €	4.235,29 €	Participación en competicións: populares, autonómicas e nacionais.
FÚTBOL CLUB MEIGAS	G15928963	3.882,35 €	17.600,00 €	17.707,04 €	3.882,35 €	Promoción do Fútbol sala feminino en Ames e na súa contorna. Conta con varios equipos: sénior, cadete...
CLUB PATINAXE ARTÍSTICA OMEGA	G70376645	6.352,94 €	41.100,00 €	43.998,06 €	6.352,94 €	Promoción do patinaxe no Concello de Ames. Asistencia a competicións que organiza a Federación.
A.D. BASQUET AMES	G70389598	5.117,65 €	34.670,39 €	39.830,91 €	5.117,65 €	Promoción do baloncesto no Concello. Participación con categorías de base nas distintas ligas comarcais

CLUB ATLETISMO MILLARRA- IO	G70193313	7.676,47 €	12.217,18 €	14.500,42 €	7.676,47 €	Promoción do atletismo no Concello de Ames. Participación en competicións a nivel autonómico e nacional
CLUB PIRAGÜISMO RIBEIRAS DO TAMBRE	G15120298	7.676,47 €	12.500,00 €	12.504,68 €	7.676,47 €	Promocionar o piragüismo no Concello. Participación en competicións a nivel nacional e internacional.
		51.882,35 €	170.224,48 €	183.176,41 €	51.882,35 €	

**Segundo.-** Aprobar as contas xustificativas das seguintes entidades cuxa achega experimentou una redución segundo a base 7.3 da convocatoria de axudas para a promoción de actividades levadas a cabo por clubs e entidades deportivas no ano 2018.

CLUB	CIF	IMPORTE CONCEDIDO	IMPORTE A XUSTIFICAR	IMPORTE XUSTIFICADO	IMPORTE A INGRESAR	OBXECTO DA SUBVENCIÓN
CLUB DEPORTIVO RUTAS A PIE	G70490487	2.382,35 €	41.845,05 €	40.792,45 €	2.322,43 €	Organización de rutas a pe, tanto dun día coma de fin de semana
ASOCIACIÓN GALEGA DE CICLISTAS	G15689342	882,35 €	3.230,00 €	3.030,29 €	827,80 €	Organización Carreira ciclista do Pavo
		3.264,71 €	45.075,05 €	43.822,74 €	3.150,22 €	

**Terceiro.-** Aprobar o gasto por importe de 55.032,58 €, contra a aplicación orzamentaria 341.48910.

**Cuarto.-** Notificar este acordo aos interesados e dar traslado aos departamentos municipais afectados.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás trece horas e quince minutos estendéndose a presente acta que asina o señor presidente, do que certifico.

O segundo tenente de alcalde

Alcalde por delegación (Decreto 2149/2019)

J. Blas García Piñeiro

A secretaria accidental

Concepción Vilas Cantelar